

Alejandro de la Sota ou a autoridade moral

Miguel Angel Baldellou

Non hai moito tempo que propuña en *Obradoiro* a figura de Alejandro de la Sota como paradigma do mestre, a partir da miña experiencia persoal. Quería insistir agora, de novo e desde outra perspectiva, no que me parece a súa lección fundamental.

Se aceptamos ou entendemos a construción da realidade como xénérica misión da arquitectura, ou alomenos como unha das súas posibilidades, o arquitecto asume entón un compromiso que é de carácter moral en certo sentido. Pode potenciar, subverter ou simplemente cuestionar coas súas propostas a realidade na que opera. E cando actúa, faino como o intérprete das suxerencias latentes na sociedade e precisa a sensibilidade suficiente para captar os máis sutís indicios sociais, ademais da capacidade específica para dar forma arquitectónica ás aspiracións que quere presentar. Desde esta perspectiva, orienta as súas propostas fronte a outras posibles. Opta, sen necesidade de explicitalo, por uns comportamentos. Proxecta a súa propia forma de ver, en moitas ocasións consecuencia da súa forma de ser. Trátase dunha cadea dialéctica, que polo seu necesario rigor, debemos, con Battisti, calificar de práctica teórica. Situada así, a obra do arquitecto é, indudablemente e aínda que non o desexe o seu autor conscientemente, unha referencia social de carácter moral e simbólico.

Quéirase ou non, e desde sempre, o arquitecto aspira ó maxisterio social. Non pretendía outra cousa o "mestre" da obra medieval, sucesor do sacerdote. Non cambiou sustancialmente desde aquela o seu obxectivo, senón tan só as circunstancias. Non abonda, sen embargo, para

exercer tal maxisterio, o encargo social ou a delegación da autoridade, nin tan sequera o aplauso "convencido" dos amigos e dos advenedizos. Tampouco se xustifica co seguimento entusiasta dos que aspiran a ocupar unha vacante. Polo contrario, ese maxisterio social si se manifesta no recoñecemento, case sempre silencioso, do rigor esencial que se reflexa nas obras tan só desde a autoridade moral. Esta é a que impón respecto, a que marca as distancias, a que esquecen con facilidade os que aceptan que o fin sempre xustifica os medios.

A aparente facilidade do croquis, por exemplo, só pode enganar a quen observa distraidamente de lonxe. Non debe confundirse coa ausencia de esforzo. Polo contrario, é o traballo anterior e interior, continuado, o que o autentifica. Chégase, non se parte do croquis. Por ser quizais a representación máis inmediata do rasgo esencial, é o signo máis seguido por quen persegue "resultados". A imitación do xesto non caracteriza ós discípulos.

O mestre soe ser ademais un "resistente", tanto como estruturalmente un autodidacta. O que busca na súa propia conciencia e elabora desde alí o seu coñecemento. O que, sendo capaz de facer introspección, se ergue sobre os demais sen se apoiar nos outros.

Resistir, renunciar. Soamente desde estas actitudes pode fortalecerse a autoridade moral.

Durante moitos anos dirixín intensamente a miña atención cara a Alejandro de la Sota; cando precisaba consolo e cando me cumpría enerxía. Sei que hai algo máis ca un soporte anatómico e unha mera bioloxía, algo máis ca sensibilidade, intuición e intelixencia trala súa ollada. A cualidade moral é a referencia final dun maxisterio do que me sinto cada vez máis debedor como arquitecto.

M. A. B.